

**ALTERNATIVA DE TEXTO PRESENTADO POLA CIG-ENSINO PARA GARANTIR A IGUALDADE
RETRIBUTIVA EFECTIVA DE TODO O PROFESORADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL.
(MESA SECTORIAL 22 DE MARZO DE 2023)**

Proxecto de Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se establece un complemento específico compensador para o persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, que non se integra no corpo de profesores de ensino secundario, con efectividade do 1 de setembro de 2023.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifica a disposición adicional sétima desta Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e declara a extinguir o corpo de profesores técnicos de formación profesional.

A disposición adicional décimo primeira.1 integra no corpo de profesores de ensinanza secundaria ás especialidades de formación profesional incluídas no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, mantendo a atribución docente do profesorado recoñecida pola normativa en vigor.

Así mesmo, a disposición adicional décimo primeira. 2 da mesma Lei orgánica 3/2020, prescribe que “O Goberno, de acordo coas administracións educativas, establecerá o procedemento para o ingreso neste corpo, así como para o acceso ao mesmo do profesorado técnico de formación profesional que estivera en posesión, na data de entrada en vigor desta Lei Orgánica, da titulación de grao universitario, ou equivalente para os efectos de acceso á función pública, nas condicións que se determinen.”

Posteriormente, a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, no artigo 85 crea o corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional; na disposición adicional quinta establece as especialidades do corpo para extinguir de profesores técnicos de formación profesional que se integran no corpo de profesores de ensino secundario, e as especialidades do dito corpo para extinguir que pasan a formar parte da atribución docente do novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.

Na mesma Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, dáse unha nova redacción á disposición adicional décimo primeira da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrando no corpo de profesores de ensino secundario ao profesorado do corpo para extinguir de profesores técnicos de formación profesional que á entrada en vigor da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, ou no prazo que se establece no apartado segundo da mesma disposición, posúa a titulación de Grao universitario, Licenciado ou Licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou

equivalente para os efectos de docencia das especialidades do corpo de profesores de ensino secundario

Por outra banda, o Real decreto 800/2022, do 4 de outubro, regula a integración do profesorado do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional no corpo de profesores de ensino secundario, e modifica diversos reais decretos relativos ao profesorado de ensinanzas non universitarias e constitúe o marco común básico normativo da regulación do procedemento para a integración do profesorado de corpo de profesores técnicos de formación profesional, para extinguir, no corpo de profesores de ensino secundario a desenvolver polas diferentes administracións educativas competentes.

Por Orde do 28 de outubro de 2022, publicada no *DOG* número 213, do 9 de novembro, convócase o procedemento para que o profesorado do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesores de ensino secundario (código de procedemento EDO21A).

Finalmente, por Orde do....., publicada no *DOG* do....., publícase a relación do profesorado do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional que se integra no corpo de profesores de ensino secundario.

Quedan sen integrar no corpo de profesores de ensino secundario, por carecer da titulación necesaria, 665 funcionarios de carreira pertencentes ao corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.

Estas 665 persoas seguirán realizando as mesmas funcións que o profesorado do corpo, a extinguir, de profesores técnicos de formación profesional que se integran no corpo de profesores de ensino secundario, pero terán unha retribución inferior. Parece razoable establecerlle un complemento compensador que iguale as retribucións dos dous colectivos.

O recoñecemento deste complemento compensador, para evitar un novo agravio comparativo e para respectar o principio de non discriminación, debe estenderse a todo o funcionariado que supere os procesos selectivos convocados para o ingreso no corpo de PESSFP pola ORDE do 19 de outubro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B), así como pola ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A).

Por outro lado, toda a xurisprudencia sobre a aplicación da Directiva 1999/70/CE relativa ao Acordo Marco sobre traballo de duración determinada incide claramente no respecto ao principio de non discriminación entre o persoal fixo e o persoal temporal. O profesorado interino das diferentes especialidades docentes do corpo extinguido de PTFP que se incorporan a especialidades do corpo de PESSFP, realizan as mesmas funcións que o funcionariado de carreira.

Por tanto, parece igualmente razoable estender tanto ao funcionariado de carreira de novo ingreso como ao profesorado interino das especialidades que se incorporan ao corpo de PESSFP, o establecemento do mesmo complemento compensador, igualando as retribucións de todo o profesorado que imparte na Formación Profesional no ámbito da comunidade autónoma de Galiza.

Como consecuencia, propónse ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación dun complemento específico compensador, a percibir polo persoal funcionario de carreira **e interino** en situación de servizo activo no corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional que non se integran no corpo de profesores de ensino secundario, nunha contía mensual equivalente a diferenza entre o soldo base corresponde ao Subgrupo A1 e ao subgrupo A2, tendo en conta, tamén, a repercusión nas pagas extras.

Propónse igualmente a extensión dese mesmo complemento ao persoal que supere tanto os procedementos de estabilización como os futuros procesos selectivos nas especialidades do corpo de PESSFP e que carezan da titulación necesaria para poder integrarse no corpo de profesorado de ensino secundario.

Na súa virtude do, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día.....

ACORDA

Primeiro. **Pago dun complemento compensador**

1. O persoal funcionario de carreira, en situación de servizo activo, do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, que non se integra no corpo de profesores de ensino secundario, por non posuír a titulación exixida, percibirá, en concepto de complemento específico, unha cantidade de cento corenta e seis euros con noventa e tres céntimos (146,93) mensuais, compensadora entre a diferenza retributiva do soldo base do subgrupo A1 e o subgrupo A2, tendo en conta a repercusión nas pagas extraordinarias, con efectividade do ~~1 de setembro de 2023~~. **do 19 de xaneiro de 2021.**
2. **O persoal que supere o concurso excepcional de estabilización convocado pola ORDE de 19 de outubro de 2022 e o concurso oposición extraordinario convocado pola ORDE do 5 de decembro de 2022 e que non poida solicitar a súa integración no corpo de profesorado**

de ensino secundario, por non posuír a titulación esixida, percibirá en concepto de complemento específico, unha cantidade de cento corenta e seis euros con noventa e tres céntimos (146,93) mensuais, compensadora entre a diferenza retributiva do soldo base do subgrupo A1 e o subgrupo A2, tendo en conta a repercusión nas pagas extraordinarias, con efectividade do 1 de setembro de 2023. Para a efectividade deste complemento terase en conta, se procede, o tempo traballo como persoal interino desde o 19 de xaneiro de 2021. O pago deste complemento compensador estenderase a todo o persoal que ingrese no corpo de profesorado especialista de sectores singulares da formación profesional nos procesos selectivos convocados con posterioridade a este acordo.

3. **O profesorado interino das especialidades do corpo extinguido de PTFP que se incorpore ao corpo de profesorado especialista de sectores singulares da formación profesional** percibirá, en concepto de complemento específico, unha cantidade de cento corenta e seis euros con noventa e tres céntimos (146,93) mensuais, compensadora entre a diferenza retributiva do soldo base do subgrupo A1 e o subgrupo A2, tendo en conta a repercusión nas pagas extraordinarias, con efectividade do 19 de xaneiro de 2021 ou desde o momento en que comezou a traballar, se foi posterior a esta data.
4. **O complemento compensador actualizarse anualmente** na mesma porcentaxe que se aprobe nos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galiza para a suba retributiva do persoal docente e incorporará a actualización correspondente á diferenza do valor dos trienios de cada corpo.

Segundo. Recoñecemento dos efectos retroactivos para determinados colectivos de profesorado que se integrou no corpo de profesorado de ensino secundario ou nas correspondentes listas de persoal interino deste corpo desde as actuais do corpo extinguido de PTFP.

1. **O persoal funcionario de carreira que superou o proceso selectivo convocado pola ORDE do 24 de febreiro de 2020** e se integra no corpo de profesorado de ensino secundario, segundo figura na ORDE do....., publicada no DOG do....., percibirá as retribucións correspondentes ao subgrupo A1 desde a data de incorporación como funcionariado en prácticas, ou cando proceda, de persoal interino.
2. **O profesorado interino do corpo extinguido de PTFP cuxas listas pasen a ser do corpo de profesorado de ensino secundario** con efectos de 1 de setembro de 2023 percibirá as retribucións correspondentes ao subgrupo A1, polo tempo no que tivo nomeamento, desde o 19 de xaneiro de 2021 até a data da súa incorporación ás novas listas de profesorado de ensino secundario.